



CONTRATOS - PROGRAMA 14/15

A Consellería disfraz de renuncias voluntarias os recortes aos contratos - programa

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

A CONSELLERÍA DISFRAZA DE RENUNCIAS VOLUNTARIAS OS RECORTES AOS CONTRATOS-PROGRAMA

Multitude de centros véñse obrigados a renunciar ao non concedérselle profesorado externo

O pasado mes de febreiro, a Consellería fixo pública a listaxe dos centros seleccionados para o desenvolvemento dos Contratos-Programa no curso 14-15, ademais dun listado de 26 centros que renunciaron “voluntariamente” a participar nese programa.

O STEG púxose en contacto con cada un deses centros que renunciaron para coñecer cal era o motivo da renuncia, resultando que tan só 3 deles tomaron esa decisión debido a non formar un grupo de alumnos mínimo para levalo a cabo. No resto dos casos, 19 centros (case tres de cada catro) **foron forzados a renunciar**, debido a que, aínda que realizaron a solicitude correctamente segundo a convocatoria, non lles foi concedido profesorado externo ao centro, e non tiveron opción a facer ningún tipo de reclamación á decisión da administración. É particularmente sangrante algún caso no que, tras denuncias na prensa, a Consellería excusouse en que **só lle concedían profesorado externo aos centros que o tivesen concedido de anos anteriores, cando esta condición tamén se incumpriu noutros casos**.

Outros centros que figuran como renuncias nin sequera chegaron a solicitar ese programa, xa que, aínda que en cursos anteriores lles foi concedido profesorado externo, **se lles transmitiu verbalmente que neste curso non o ían ter**, e non o prorrogaron debido á imposibilidade de levalo a cabo.

Tan só houbo **un centro dos consultados que si renunciou voluntariamente**, como protesta pola tardanza en formalizar o inicio dos programas, incidindo en que o alumnado con dificultades non pode agardar ata febreiro, con máis da metade do curso vencida, para comezar a tomar medidas de reforzo; e que **nesas condicións resultaría imposible a consecución dos obxectivos** do programa.

Resulta imposible saber cantos dos centros aos que se lle concedeu o contrato-programa en realidade **accederon á coacción á que lles someteu a Consellería** ante a ameaza de non concederlle eses recursos se non aportaban profesorado do propio centro, que nun principio non se prestara voluntario.

Dende o STEG **denunciamos que a Consellería pretenda facer pasar por renuncias voluntarias un novo recorte na educación pública** que, neste caso, incide no alumnado con mais necesidades de apoio educativo. Coincidimos en que un programa de reforzo non pode comezar con case dúas terceiras partes do curso cumpridas, xa que o alumnado que teña dificultades, as ten dende o primeiro día, e a fenda entre o seu ritmo de aprendizaxe e o do resto do grupo será aínda maior.

Seguimos insistindo en que **os contratos-programa non son a resposta**, xa que se a Consellería admite tácitamente que nun centro hai alumnado que precisa de apoio educativo, a solución debería pasar porque o centro contase con mais profesorado de apoio, e non **castigando a ese alumnado cunha maior carga lectiva**, nin ao profesorado con horas extra encubertas que, aínda por riba, se cobran tarde, mal ou despois de complicados procesos administrativos.

Secretariado Nacional do STEG

marzo de 2015